



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade – VIGO

NIF: Q-8655253-F - Telf. 886 111 030

ies.beade@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR
CONVOCATORIA RENOVACIÓN PARCIAL

De conformidade co indicado na Resolución do 19 de setembro do 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG nº 187 do 30 de setembro do 2022), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres profesores/as**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar.
2. O censo electoral provisional do profesorado estará exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar en dirección a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 18 de novembro, así como posibles reclamacións ao censo electoral.
4. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
5. O voto será directo, secreto e non delegado.
6. Segundo indica o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento, candidatos e fixación de data de votación, convócase Claustro de Profesores/as para o día **venres 29 de novembro de 2022 no 1º recreo.**

IES BEADE, 3 de novembro do 2022

O director do Centro e presidente da Xunta Electoral,

Asdo.: Xosé Alfredo Naz Fernández

